

ANUNCIO

Por resolución da Alcaldía de 25 de outubro de 2011, procedeuse a aprobación das seguintes Bases:

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN OPERARIO DE AUDIOVISUAIS

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA. COMETIDO FUNCIONAL.

Ten por obxecto a presente convocatoria a provisión mediante contrato laboral temporal de 20 horas mensuais ata o 30 de xuño de 2012, con posibilidade de prorroga dunha praza de Operario de audiovisuais mediante un procedemento de concurso.

A contratación levará aparellados os dereitos económicos previstos no Anexo de Persoal dos Orzamentos Xerais do Concello de Muros para o exercicio 2011.

O cometido funcional do posto do operario de audiovisuais consistirá na realización das funcións propias da praza, que serán a realización das proxeccións cinematográficas, teatrais, musicais e similares realizadas polo Concello, tanto en recintos pechados como ao aire libre.

Así mesmo, realizarán aquelas outras tarefas que lle poidan ser encomendadas polos órganos municipais e polo seu superior xerárquico para a satisfacción das necesidades propias do servizo.

2ª.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de concurso de méritos con entrevista.

Se o xulga oportuno, o tribunal poderá requirir ao aspirante que acadase maior puntuación para a realización dunha proba práctica. Para a valoración desta proba, o tribunal poderá requirir a asistencia dun técnico ou profesional capacitado. De non superarse a proba práctica, o tribunal requirirá ao seguinte aspirante por orde decrecente de puntuación.

Os méritos acreditados polos aspirantes valoraranse de acordo co baremo establecido no apartado 6 destas bases.

3ª.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES .

Para poder tomar parte no proceso selectivo será necesario que os aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ser español ou nacional dun dos estados asinantes do Tratado da Unión Europea e o Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, con coñecementos suficientes da lingua castelá e/ou galega.

Os estranxeiros que non pertencen a algún dos estados asinantes do Tratado da Unión Europea deberán dispor de permiso de traballo cunha duración mínima de 12 meses, a titulación esixida para o posto ao que optan homologada polo Estado español e os coñecementos suficientes de lingua castelá e/ou galega.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación establecida pola normativa aplicable.

c) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

d) Non estar afectado por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos nas disposicións da Lei de incompatibilidades referidos ao persoal das administracións públicas.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en habilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios ou para exercer funcións similares ás que desempeñaba no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.

Os nacionais doutros Estados non poderán atoparse en situación de inhabilitación ou equivalente nin ser recibido sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso nos mesmos termos ao emprego público.

h) Estar en posesión do ciclo medio de audiovisuais, electricidade, electrónica, similar ou superior

4ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Os aspirantes deberán presentar, ben no rexistro xeral do Concello de Muros ou ben en calquera dos lugares aos que se refire o art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, solicitude de participación no proceso selectivo no modelo normalizado, xunto coa seguinte documentación:

- fotocopia do DNI

- documentación xustificativa da titulación esixida.

-documentación acreditativa, se é o caso, dos méritos que se achegan. A experiencia laboral acreditaranse mediante copia do contrato de traballo ou equivalente e vida laboral. Non se terá en conta outra documentación mais que a presentada con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes.

Para o caso de que a instancia non fose presentada no rexistro xeral do Concello de Muros, o aspirante deberá remitir copia da solicitude presentada ao fax **981 76 22 57** o mesmo día da súa presentación.

O prazo para a presentación de solicitude rematará o vindeiro luns, día 31 de outubro as 14:00 horas. A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

5ª.- RELACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

Rematado prazo de inscrición, ditarase resolución aprobando a listaxe provisional de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello. Nesta resolución establecerase a data e lugar da realización da entrevista

Os aspirantes excluídos provisionalmente disporán dun prazo de dun día para emendar os erros que motivaron a súa exclusión.

De non presentarse reclamacións, a listaxe provisional elevarase a definitiva.

6ª.- MÉRITOS AVALIABLES.

1. Servizos prestados. Puntuación máxima de 4,00 puntos.

1.a) Por servizos prestados en calquera Administración Pública en postos de traballo de contido análogo ou categoría semellante ao da praza a que se opta: 0,1 puntos/mes completo ou proporcionalmente a fracción do mes.

1.b) Por servizos prestados noutras empresas en postos de traballo de contido semellante ao desta praza 0,03 puntos/mes completo ou proporcionalmente a fracción do mes.

2. Formación: Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo, impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados, ata un máximo de 3 puntos.

2.a) Cursos de máis de 200 horas: 1 punto

2.b) Cursos de máis de 100 horas: 0,75 puntos.

2.c) Cursos de 70 a 100 horas: 0,50 puntos.

2.d) Cursos de 40 a 70 horas: 0,35 puntos.

2.e) Cursos que 15 a 40 horas: 0,20 puntos.

2.f) Cursos de menos de 15 horas: 0,10 puntos.

2.g) Cursos, xornadas, etc. nos que non figure o número de horas: 0,05 puntos.

3. Titulación: Valorarase neste apartado as titulacións académicas de nivel superior da requirida na convocatoria para o acceso, e relacionadas co posto de traballo, computándose unicamente o título de maior nivel dos alegados.

3.a) Título de Doutor: 2,00 puntos.

3.b) Título de Licenciado, Arquitecto, Enxeñeiro, ou equivalente: 1,50 puntos.

3.c) Título de Técnico Medio, Diplomado Universitario, Arquitecto técnico ou equivalente: 1 punto.

3.d) Título de Ciclo Superior de F.P. ou equivalente: 0,50 puntos.

3.e) Título de Ciclo Medio de F.P. ou equivalente: 0,25 puntos

4. Coñecemento do idioma galego: computándose unicamente o grao superior alegado e concédese validez tan so pos cursos ou titulacións oficiais ou que foran oficialmente obxecto de homologación:

- 4.a) Celga 1: 0,50 puntos
- 4.b) Celga 2: 0,75 puntos
- 4.c) Celga 3 ou Grao de iniciación: 1,00 puntos
- 4.d) Celga 4 ou Grao de perfeccionamento: 1,25 puntos
- 4.e) Celga 5: 1,50 puntos

5. - Outros méritos, Coñecemento do Terreo, Máximo 1 punto

3.1 Empadroado durante os últimos catro anos a data de aprobación destas bases, 1 punto

3.2 Empadroado antes da aprobación de estas bases, 0,5 puntos

Esta valoración acreditarase de oficio por parte do Concello.

6.- Entrevista: a puntuación máxima neste apartado será de 4 puntos.

A entrevista ten por finalidade avaliar a dispoñibilidade dos/as aspirantes, a súa adecuación ao posto de traballo, o seu perfil profesional e o coñecemento das materias propias do posto de traballo.

7ª.- ÓRGANO DE SELECCIÓN.

O tribunal responsable da selección estará integrado polos seguintes empregados públicos do Concello de Muros:

Presidente: D. Bernardo Lago Romero; suplente: D. Francisco Abeijon Núñez.

Secretario: D. Jose M. Mayo Priegue; suplente; D. Angel Fernandez Romero

Vogal: D^a. Josefa Fernández Fernández; suplente: D^a. Remedios Lamela Lema

O órgano de selección non poderá constituírse e actuar, sen a presenza, cando menos da maioría dos seus membros. En calquera caso, para a válida constitución do tribunal requírese a asistencia do presidente e do secretario do tribunal ou de quen os substitúan.

Os membros do tribunal deberán absterse cando concorran algunha das causas previstas no artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e poderán ser recusados polos aspirantes nos supostos previstos no artigo 28 da lei citada.

8ª.- RESOLUCIÓN.

Concluído o proceso selectivo, publicaranse as puntuacións acadadas por cada un dos aspirantes no taboleiro de anuncios do Concello, establecéndose un prazo de dun día para a presentación de reclamacións. Para o caso de existir reclamacións estas serán resoltas polo tribunal.

O tribunal cualificador elevará proposta de contratación, á Alcaldía, segundo orde decrecente da puntuación acadada polos aspirantes, que será notificada ao interesado outorgándolle un prazo razoable para a formalización do contrato de traballo. A notificación ao aspirante seleccionado poderá realizarse telefonicamente.

Para o caso de que o aspirante proposto rexeite a contratación deberá comunicalo por escrito nun prazo máximo de dous días naturais. De non

comunicalo debidamente, estenderase dilixencia de renuncia do candidato polo funcionario responsable da tramitación do procedemento.

O contrato laboral asinado co aspirante seleccionado estará suxeito a un período de proba dun mes.

A listaxe de aspirantes poderá empregarse para a cobertura de prazas vacantes das mesmas ou semellantes características, trátase de substitucións ou necesidades novas. A listaxe estará en vigor ata a realización dun novo proceso selectivo para a provisión dunha praza das mesmas ou similares características.

9ª.- INCIDENCIAS.

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo, en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas.

